

Mércores, 9 de xaneiro de 2019

Núm. 6

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MARÍN

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

CREACIÓN DO "SELO PADRÓN DE HABITANTES DO CONCELLO DE MARÍN" E APROBACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE SE REALIZARÁN MEDIANTE ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS

A señora alcaldesa, o 28 de decembro do 2018, ditou resolución do tenor literal seguinte:

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público define no seu artigo 41 a actuación administrativa automatizada como calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónico por unha Administración Pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interveña de forma directa un emprego público.

O artigo 41.2 da devandita lei determina que “en caso de actuación administrativa automatizada deberase establecer previamente o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para a definición das especificacións, programacións, mantemento, supervisión e control de calidade e , se fose o caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte, así mesmo indicárase o órgano que debe ser considerado responsable para efectos de impugnación”.

Os documentos resultantes dunha actuación administrativa automatizada poder ser asinados, de conformidade co artigo 42 da Lei 40/2015, utilizando un selo electrónico de Administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado.

O Real Decreto 1671/2009, de 6 de novembro, por o que se desenrola parcialmente a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, establece no seu artigo 19 que a creación de selos electrónicos se realizará mediante resolución da Subsecretaría do Ministerio ou titular do organismo público competente, que se publicará na sede electrónica correspondente, regulando as características de dita resolución.

A Resolución de 30 de xaneiro de 2015, do Presidente do Instituto Nacional de Estatística e o Director Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión do Padrón municipal, no artigo 8.1.1 regula a expedición de certificados e volantes de empadramento, posibilitando a súa expedición por medio electrónico.

Esta alcaldía, co fin de reducir os prazos e facilitar os trámites aos cidadáns, e de conformidade co establecido nos artigos 41 da Lei 40/2015, e o artigo 21.1.a) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local:



Mércores, 9 de xaneiro de 2019

Núm. 6

RESOLVE

Primeiro: Aprobar os procedementos que se relacionan para os que se realizarán actuacións administrativas automatizadas.

De carácter xeral: Cantas actuacións e procedementos se encontren incorporados en cada momento, con carácter automatizado, na plataforma de administración electrónica do Concello de Marín e/ou na súa sede electrónica (<https://sede.concellodemarin.es>) relacionadas co Padrón municipal.

De carácter específico:

- Expedición de certificados e de volantes de datos padroais informatizados.
- Comunicacions e actos de trámite coa cidadanía relacionados coa súa inscrición padroal.

Para futuras incorporacións de procedementos e/ou servizos automatizados será necesaria a aprobación mediante resolución de alcaldía.

Segundo: Os órganos responsables en relación coas actuacións administrativas automatizadas relacionadas no punto anterior serán:

- A Secretaría Xeral como órgano responsable da definición das especificacións destas actuacións administrativas automatizadas.
- Departamento de Informática como órgano responsable da programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, se é o caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte.
- A Alcaldía do Concello como órgano responsable para os efectos de impugnación.

Terceiro: Crear o selo electrónico “Selo padrón de habitantes do Concello de Marín”, coas características técnicas xerais de sistema de sinatura e certificado publicadas na sede electrónica do Concello.

A verificación da validez e comprobación da situación de non revogación do certificado poderase realizarse a través do servizo VALIDE da plataforma de validación de certificados da Administración Xeral do Estado e a verificación do documento asinado co selo de órgano, na sede electrónica do Concello de Marín, cuxo enderezo web é <https://sede.concellodemarin.es>

Cando expire o selo de órgano autorizado, por parte da Alcaldía deberase renovar o mesmo, que quedará novamente habilitado.

Cuarto: A titularidade así como a responsabilidade do seu uso corresponderá ao departamento de Secretaría.

Quinto: O “Selo padrón de habitantes do Concello de Marín” poderá ser utilizado nas actuacións administrativas automatizadas do punto primeiro da presente resolución.

Sexto: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello.

Documento asinado electronicamente.

